

Teleclub MAREY



MAREY - Gomeán Tel. 22
LUGO



«A Comunidade de Marey... ¿Un anaquiño de Espranza?»

O mesmo que lles pasa os emigrantes cando levan tempo fora d'a "terriña", pasoume a min —anque doutro xeito— por voltar novamente a Marey; tiña ganas de volver a falar co'aquela boa xente e de toparme co'as realidades qu'alcontrara xa n'a primeira visita —fai agora un ano—, e ver cos meus propios ollos, a laboura feita no ano setenta e dous.

Como bon galego —que temos sona de desconfiados— pensaba que "as once cousas" postas n'a Revista como plans pro ano, non eran doadas de cumprir; danse conta de que as verbas y a propaganda "soias" non fan as obras; saben que a eficacia mídese pol-a xuntanza y o traballo, e con esta canteira que descubriron —xa fai tempo— e souperon aproveitar, os "once oxetivos" estánse levando o cabo. Eu vin moitos homes —algunhes xa bastante vellos— o carón d'a paleadora, rompendo o camiño deica Vilanova e Vilar, coido que levar outros hastra Alence e a Lago será unha consecuencia; estiven n'as obras —xa escomendadas d'a Casa— almacén pras Cooperativas e pra báscula de pesar o ganado; sei e conozo o sprito de unión e de fe d'aqueles paisanos; tamén poido dar fe da ledicia, entusiasmo e agarimo con que se tratan entre sí todos os d'a Parroquia —homes e mulleres, mozos e vellos—, e como percuran traballar iles e arredrar pra sua Comundade as experiencias boas que atoparon n'ouostos sitios.

Non me extrañaría nada que pra o ano que ven nos disen outra sorpresa: Rosmáronme os oídos —mentras probábamos o rico queixo que fan n'a Cooperativa— e mesmo me pareceu que se falaba d'o monte. "Tempo o tempo".

¿Qué pasa en Marey?. ¿E un milagre todo o que fixo e se fai?. ¿Son anxeliños ou habitantes d'outros planetas, os de Marey?. Podedes seguir facendo preguntas; eu coido que non son bichos raros ni persoas diferentes; aínda mais: sei que non todos pensañ o mesmo, nin todos teñen a mesma cultura e cencia ou os mesmos desexos; sei que unhes son mais ricos —poucos son ricos n'esta terra— e outros —a maioría— son probes; sei que unhes son mais traballadores e outros mais folgazans; unhes teñen mais ideas e outros menos.

(Pasa a la pág. siguiente)

Por outro lado tamén estou seguro de que os pequenos demos d'a envexa, das gabias, os carreiros y os cantazos da individualidade, o pesimismo e a desconfianza, tamén tiñan feito o "niño" por eiquí. O que pasou e pasa e que os de Marey díronse conta de que por iste último camiño non chegarían a ningún lado; botáronlle terra o pasado e as costumbres que turrán pr'atrás, e probaron por falar, xuntarse nó Teleclub e a Parroquia, e puxéronse a traballar, cada un no que sabía e podía. O mesmo traballo —cos resultados a vista—, animounos... e esto xa non hay quen o pare!. Votaille unha ollada, amodiño, a Memoria d'iste ano, e comprobarédelo. Non son anxeliños os de Marey: Son HOMES. Homes que souperon esco-ller o verdadeiro camiño, matando o seu egoísmo, traballando xuntos e que nos están dicindo os galegos por onde hay que turrar pra alcontrar o verdadeiro desenrolo, humano e cristiano, do noso pobo.

Merecedes pasar unha feliz Noiteboa e ter xeitoso Aninovo 1973.

Dende Lugo: P. Mato, Asesor Religioso de Radio Popular



Talleres Moxenas

Talleres, Estación de Servicio, Lavado
y Engrase...

C/. Matías López

Teléfonos: 319 y 86

SARRRIA (Lugo)

Servicios Oficiales:

FEMSA

BRESSEL

PERKINS HISPANIA